



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra dictou a seguinte RESOLUCION:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. José Luis Díez Yáñez.
(Delegado Provincial da Consellería de
Agricultura, Gandería e Montes.)

VICEPRESIDENTE

D. José J. Barreiro Prado
(Maxistrado da Audiencia Provincial)

VOCALIS

D. Teodoro Arribas Serrano
(Xefe do Servicio de Montes e Ind.Forestais)
D. Luis Mª Muñíos Vidueira
(Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta)
D. Serafin Quinteiro Blanco
(Avogado polo colexio da provincia)

VOCALIS REPRESENTANTES DA PARROQUIA DE TEIS. VIGO

D. Abdon Escariz Vazquez..

VOCALIS REPRESENTANTES DA PARROQUIA DE CANDEAN. VIGO

D. Guillermo Bastos Soto

SECRETARIA

Dª. Ramona C. Fernández Alvarez.
(Xefa da Sección Xurídica da
Delegación Provincial de Agricultura,
Gandería e Montes)

Na cidade de Pontevedra sendo as
dezasete horas do día 4 de xuño de
1997, coa asistencia das persoas á
marxe reseñadas reunese na 4ª planta
do edificio sito no n.º 47 da rúa
Benito Corbal o Xurado Provincial
de Clasificación de Montes Veciñais
en Man Común ó obxecto de decidir
sobre a Clasificación dos montes “
Madroa e Guía”. da Parroquia de
San Salvador de Teis, do Concello de
Vigo.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Para a adecuada
adopción do correspondente acordo
por parte deste Xurado convén
deixar constancia dunha serie de
feitos obrantes todos eles no presente
expediente:

a) Coa petición de incoación do
expediente clasificatorio dos montes
veciñais situados na Parroquia de
San Salvador de Teis, Concello de
Vigo achegáronse fotocopias da
seguinte documental: os
emolumentos do común do Libro
Real de Legos do Catastro do
Marqués da Ensenada onde consta,



2.800 ferrados, o monte "Madroa", e con 650 ferrados o sitio da "Guia"; no expediente de excepción de vendas do ano 1861, só figura xa a nome da Parroquia de Teis o monte "Madroa"; no expediente promovido polo Concello de Lavadores en solicitude de excepción de venda dos montes daquel termo municipal, o 24 de decembro de 1896, aparecen, entre outros, os montes "Madroa" e "Guia"; e no Catalogo de Bens de Libre Disposición aparecían a "Madroa" e "Guia" baixo os números 871 e 872, respectivamente.

b) Como Montes de Libre Disposición figuran a nome do Concello de Vigo os de "A Madroa" (número de catalogo 871 e superficie de 71 Has), e "A Guia" (número 872 e 5,14 Has).

c) Accederon ambos ó Rexistro da Propiedade o 22 de outubro de 1954 ó abeiro do disposto no artigo 206 da Lei Hipotecaria, atribuíndoselle a superficie de 71 Has, 3 a, e 12 ca. á "A Madroa" e 11 Has, 39 ca. á "A Guia".

d) O Pleno do Concello de Vigo do 26 de febreiro de 1970 destinou unha parcela de, aproximadamente, uns 33.590 m² situada nos montes "Madroa" e "Vixiador" a parque zoológico.

e) O mesmo pleno do Concello de Vigo, na data 30 de decembro de 1976, cedeu, para usos deportivos outra parcela de 10.000 m² segregados do monte de propiedade municipal "Madroa" número 871 dos de Libre Disposición que figura incluído ó nº 288 do Inventario de Bens e Dereitos Municipais e inscrito no Rexistro da Propiedade ó Tomo 144, sección 2ª, folio 58, finca 12.260, inscrición 1ª.

SEGUNDO.- A teor do informe do Servicio de Montes e Industrias Forestais, o monte "Madroa" posúe unha cabida de 58,83 Has., a maior parte do cal se encontra limitado por un muro de doada localización, arborado tamén na súa maior parte con piñeiros e eucaliptos con diferentes idades e densidades, sendo aproveitado de xeito continuo polos veciños de Teis, se ben no seu interior existen varios campos de fútbol e as instalacións do parque zoológico de A Madroa. Asemade que, no relativo ó monte "A Guia", a súa cabida cifrábase nunhas 5,14 Has., que se correspondían coa superficie deslindada no ano 1967 e que non coincidían coa do plano que tiña presentado a Comunidade de Teis para a súa declaración debido a que este último estaba baseado no plano de enmarcamento do monte realizado no 1984 cunha cabida de 8,005 Has., obedecendo a diferenza de superficie-2,865 Has.- ós terreos adquiridos ou cedidos ó concello de Vigo no lapso temporal abranguido entre o deslindamento (1967) e o posterior enmarcamento (1984) sendo esta propiedade do Concello, tratándose todo el dun parque urbano cunha pequena superficie arborada con eucalipto e no que non existe ningún tipo de aproveitamento veciñal.

TERCEIRO.- Na información complementaria requirida do Servicio de Montes e Industrias Forestais o monte "A Madroa" resultou ter unha definitiva superficie dunhas 58,50 Has. que, unha vez deducidas as ocupadas pola área deportiva (4,30), área do zoo da Madroa (4,75), e área da perreira (0,70). quedábanse nunhas 48,75 Has. divididas nas dúas parcelas que poden ollar no plano de ubicación achegado coa devandita información complementaria.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Enténdese por monte veciñal en man común os terreos radicados na Comunidade de Galicia que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas, os membros daquelas na súa condición de veciños (art. 1 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aprobou o regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, así como tamén o artigo 1º deste último texto legal).

Pois ben, interpretados os elementos fácticos obrantes no expediente á luz da legalidade vixente non se chega senón ás seguintes conclusións:

a) Verbo do monte " A Guía", nun documento do entón existente concello de Lavadores do ano 1915 se facía referencia a que, con anterioridade a aquel ano xa non se obtiña del ningunha clase de produtos, co que se estaba a negar todo aproveitamento veciñal, tal e como de xeito ben doado se pode aínda constatar ó se tratar a extensión reclamada polos veciños dun parque urbano e de terreos adquiridos ou cedidos ó concello de Vigo por particulares, dentro da cal só existe unha superficie arborada con eucalipto que, pola súa ben cativa extensión , abofé que resulta notoriamente incompatible con toda idea de aproveitamento polo común dos veciños.

b) Con respecto ó monte " A Madroa", na extensión dunhas 48,75 Has. que constitúen un monte arborado na súa maior parte con piñeiros e eucaliptos con diferentes idades e densidades, efectivamente ven sendo obxecto de aproveitamento de xeito continuado polos veciños da parroquia de Teis, polo que a declaración instada ó respecto a tan só referida superficie se debe cinguir, excluíndose polo tanto as restantes 9,75 Has. dedicadas a fins (zona deportiva, un zoo, e a perreira municipal) que notoriamente reflicten a súa falla de aproveitamento polos veciños dende hai ben longo tempo.

A vista pois, de tódolos anteriores antecedentes e razoamentos , os membros do Xurado, de maneira unánime, **ACORDAN rexeita-la** clasificación como veciñal en man común do monte " A Guía", e as 9,75 Has, do monte " A Madroa", dedicadas a zona deportiva, zoo e perreira municipal , e **acceder** só parcialmente á solicitude de clasificación como tal do monte " A Madroa", nunha extensión de 48,75 Has, correspondéndose con dúas parcelas de 43,37 has e 5,38 has respectivamente coa descrición grafica sinalada na planimetría que a escala 1:10.000 incorporase á presente Resolución formando parte inseparable da mesma e obedecendo á seguinte definición:

NOME DO MONTE: A Madroa

PARCELA 1

CABIDA: 43,37 Has.

LINDES

NORTE: Propiedades particulares

SUR: Parroquia de Candean e propiedades particulares.

LESTE: Fincas particulares , zoo e area deportiva.

OESTE: Propiedades particulares.

PARCELA 2

CABIDA: 5,38 Has.

LINDES


NOROESTE: Zoo e fincas particulares.

NORESTE: Perrera.


SURESTE: Parroquia de Candeán.

SUROESTE: Area deportiva.

Contra a presente Resolución poderá interpoñerse Recurso Contencioso-Administrativo no prazo de DOUS MESES , dende a notificación da mesma ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia , de conformidade co disposto no artigo 58 da Lei Reguladora da antedita xurisdicción en relación co artigo 12 da Lei 13/89 do Parlamento de Galicia de 10 de outubro de Montes Veciñais en Man Común, e o artigo 28 do seu Regulamento aprobado por Decreto 260/92 do 4 de setembro, modificados ambos preceptos pola Lei 30/92 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.



Handwritten signatures and stamps, including a circular stamp with the number 112.



PLANO DE UBICACION DEL MONTE DENOMINADO "MADROA"
(ANTIGUO L.D.) PERTENECIENTE A LA PARROQUIA DE TEIS,
CONCELLO DE VIGO, PONTEVEDRA.

SUPERFICIE PLANIMETRICA PARCELA ①	-----	43.37
SUPERFICIE PLANIMETRICA PARCELA ②	-----	5.38
SUPERFICIE TOTAL DEL MONTE	-----	48.75

PONTEVEDRA, 4 DE JUNIO DE 1997
EL INGENIERO DE MONTES,

EL AYUDANTE FACULTATIVO,

Fdo.: Teodoro Arribas Serrano.

Fdo.: Luis Rodríguez Bargados.